



Un imaxinario compartido

Caterina Valriu Llinás ofrece un volume con corenta artigos sobre a literatura infantil e xuvenil catalá e a arte de contar

CARMEN FERREIRA BOO
USC/CIRP


No ano 2010 a investigadora e profesora balear Caterina Valriu Llinás, membro da Rede Temática LIJMI, sacou do prelo o volume recopilatorio *Imaginari compartit. Estudis sobre Literatura Infantil i Juvenil* (UIB/L'Abadia de Montserrat), un interesante e imprescindible traballo para os interesados en coñecer e profundar na constitución, consolidación e asentamento da literatura infantil e xuvenil catalá.

No volume Valriu reúne corenta traballos, editados entre os anos 1992 e 2009 en diferentes revistas tanto divulgativas coma científicas, nos que analiza desde os ámbitos docente, crítico, investigador e como narradora oral os dous eixes principais da súa actividade profesional: a LIX catalá, cunha ollada especial á achega das Illas Baleares, e a narración oral.

Cun criterio temático e unha visión que vai do máis xeral ao particular, divide o volume acertadamente en cinco bloques. Así no primeiro bloque *Història de la Literatura Infantil i Juvenil catalana* presenta oito artigos teóricos nos que fala da influencia dos clásicos universais, das tendencias actuais, da novela histórica, do premio Guillem Cifre de Colonya e ofrece interesantes panorámicas sobre a LIX nas Illas Baleares, ademais dun artigo sobre a colección catalá *Els Grumets* de La Galera.

No segundo bloque *Obres i Autors* achégase en nove traballos, cun diferente nivel de análise e enfoque metodolóxico, á traxectoria literaria de escritores cataláns clásicos e contemporáneos como o frade Anselm Turmeda, Llorenç Villalonga, Gabriel Janer Manila, Miquel Rayó, Joana Raspall e Miquel Desclot.

Os apartados máis específicos, o terceiro e o cuarto, analizan dende o punto



de vista teórico e práctico as relacións e influencia dos contos da transmisión oral nas obras de autor de LIX. Así, entre outras cuestións, propón a súa sistematización en catro usos (referencial, ideolóxico, humanizador e lúdico), analiza o mestrado de La Fontaine na LIX catalá e a influencia dos contos en *Le avventure di Pinocchio*, compara os modelos de heroe e heroína, estuda os diferentes personaxes fantásticos como bruxas, magos, princesas, diaños, animais... e o emprego dos obxectos máxicos nos contos actuais. As reflexións prácticas sobre a arte de contar nacen da súa lon-

ga experiencia como contacontos durante máis de vinte anos.

Finalmente o último bloque é unha miscelánea na que, con carácter reivindicativo, reflexiona sobre a necesidade de estudar a LIX na Universidade, de formar os profesionais e a importancia das bibliotecas na formación lectora da nenez e adolescencia. Tamén presenta unha panorámica da poesía infantil en lingua catalá no século XXI e reivindica revistas infantís de calidade.

Unha interesante achega que axuda a visualizar e valorar a Literatura Infantil e Xuvenil en lingua catalá.

verinesa@yahoo.es



A profesora e investigadora balear Caterina Valriu.